

AS REVOLUCIÓNS DE VELUDO E A UNIDADE ALEMANA: ALGUNHAS CONSIDERACIÓN SOBRE A UNIFICACIÓN COMO PROCESO DE CAMBIO POLÍTICO

Raimundo Viejo Viñas, Jr.

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Universidade de Santiago de Compostela

I. Introducción(1):

Cando o 9 de Novembro de 1989 caeu o Muro de Berlín, o mundo asistiu perplexo ao nacemento do que en poucos anos se convertiu nunha auténtica mitoloxía da modernidade, a alegoría política da fin dun planeta dividido en dous bloques antagónicos. Os feitos se precipitaron e aqueles criterios desde os que as opinións públicas de todos os países viñan entendendo o devir diario pronto foron declarados obsoletos, inútis, carentes de toda fiabilidade. Foi o tempo da prensa e a publicística, da emerxencia do debate público e a sociedade civil, e non só naqueles dous Estados que iniciaban entón un camiño sen unha meta definida. O Muro de Berlin caeu, e cando un muro cae o fai para ambos os dous lados. A fin da división da antiga capital do Reich xermano permitiu que Leste e Oeste voltasen a mirar un para o outro e cada quen para si; saber quen se era, como se tiña chegado a tal situación e cal era o futuro deseñable foron preguntas que entón se plantearon xa non só os cidadáns das dúas repúblicas xermanas, senón tamén todos os cidadáns do globo. Logo de máis de catro décadas de separación o vello continente enfrentábase, unha vez máis, á súa propia historia; acometía a destrucción das antigas dictaduras co pulo renovado duns actores que se sabían intérpretes dun acto final, da caída definitiva do Telón de Aceiro. Un novo mapa político emerxía entón das cinzas; nacións construídas polo *ave phoenix*

(1) O presente traballo beneficiouse das observacións dos profesores Hans-Jürgen Puhle, Wolfgang Merkel, e Ramón Máiz a quen agradezo a súa amabilidad.

dos nacionalismos que situaba datas como 1789, 1848 ou 1871 na mente de todos. Desde a secesión das repúblicas bálticas ata a reunificación de Alemaña, pasando polo conflicto balcánico, os nacionalismos afloraron, unha vez máis, en toda a súa diversidade(2); o pasado prorrompiu na política cunha forza e desmesura inusitadas.

O proceso de transformación política que leva á segunda unificación xermana, e coma el os cambios iniciados no resto dos países do Leste, situaron a reformulación das identidades nacionais no primeiro plano do devir dunhas novas democracias que, a diferencia do que fora característico nas transicións de Latinoamérica ou da Europa meridional, convertiu a cuestión nacional no «*big issue*» das Revolucións de Veludo. Analisar a unificación supón, pois, acometer a cuestión alemana (*deutsche Frage*) á luz dos cambios políticos experimentados por un país que, cunha poboación de máis de oitenta millóns de habitantes, aspira a ser a locomotora de Europa. Só así, no marco dunha análise que recolla o feito nacional en toda a súa relevancia, será posible a interpretación desa alegoría da fin dun mundo dividido en bloques que foi o Muro de Berlín.

II. Tres consideracións previas sobre o cambio político

Con motivo dunha entrevista a comezos do verán de 1992, Richard von Weizsäcker, primeiro presidente da república alemana unificada, afirmaba:

«En realidad, absolutamente nadie -y sobre todo tampoco los propios alemanes- estaba preparado para afrontar en lo político aquel día. No nos habíamos familiarizado con la idea de una unificación rápida. Algo que nadie afirmó entonces que fuera a producirse»(3)

-
- (2) En efecto, facéndonos aquí eco das palabras de R. Máiz, cómpre indicar que o nacionalismo, «*a despecho de sus manifestaciones xenófobas, violentas e irracionales, se ha manifestado en no pocos lugares como el único factor disponible de articulación de una sociedad civil, de comunicación y autoorganización social, en países anómicamente desestructurados.*» *Vid. Máiz, R., «Política e identidad colectiva: Notas para una lectura posmarxista de la cuestión nacional», en Papeles de la FIM, Madrid, 1992; pp. 127-138.*
- (3) *Vid. Richard von Weizsäcker en diálogo con Gunther Hoffmann y Werner A. Perger, Anaya & Mario Muchnik, Madrid, 1993, p. 20.*

Tal observación non deixa senón de explicitar o que resulta xa un lugar común na literatura politolóxica sobre o cambio de réxime, a saber: o recoñecemento da súa impredicibilidade. Súpetos e inesperados, os acontecimentos do Leste viñeron a ratificar as frecuentes dúbidas dos polítólogos respecto á súa capacidade de predicción (4); iniciaron toda unha serie de transformacións das que a penas se sabía cómo tiñan comezado e das que se descoñecía todo respecto ao seu posible remate; en definitiva (unha vez máis), a incertidume deviña nunha categoría clave para a comprensión dos fenómenos políticos (5).

No epígrafe seguinte abordaremos o problema do que se deu en chamar as «Revolucións de Veludo» (6). Para iso, partiremos aquí da exposición dalgunhas das principais referencias teóricas desde as que na actualidade se está a enfocar o estudio destas transicións/revolucións. Introducirnos neste debate require, cando menos, a explicitación de tres consideracións preliminares: a modelización (ou non) das transicións políticas, a autonomía dos feitos políticos como *a priori* da investigación politolóxica e a problemática conceptualización dos procesos de cambio da Europa Oriental.

A primeira destas cuestións, tal e como recentemente sinalou J.C. Monedero (7), alude á idea de que o caso alemán -e coma el os demais países

(4) Vid. DI PALMA, G., «Le transizioni democratiche in Europa Orientale: una prospettiva comparata», en *Rivista Italiana di Scienza Política*, nº XX/2, 1990, pp. 202-242; MONEDERO, J.C., «El hechizo de la Montaña Mágica. El proceso de unificación alemana: causas y consecuencias», en J.C. MONEDERO (Ed.), *El retorno a Europa. De la Perestroika al Tratado de Maastricht*, Editorial Complutense, Madrid, 1993, pp. 73-188; VALLESPÍN, F., «Viaje al interior de un gremio. De los polítólogos y su proceloso objeto», en *Claves de Razón Práctica*, nº 40, 1994, pp. 28-36.

(5) En palabras de O'Donnell e Schmitter:

«El segundo tema, que en cierta medida es un corolario del primero [a democracia como sistema deseable de seu], se refiere al esfuerzo de captar la extraordinaria incertidumbre del proceso de transición, con sus numerosas sorpresas y difícil dilemas.»

Vid. O'DONNELL, G. e SCHMITTER, P.C., «Conclusiones tentativas sobre democracias inciertas», en G. O'DONNELL, P.C. SCHMITTER e L. WHITEHEAD (Eds.), *Transiciones desde un gobierno autoritario*, vol. 4, Paidós; Buenos Aires, 1989, p. 16.

(6) Vid. BANAC I., «Introduction», en I. BANAC (Ed.), *Eastern Europe in Revolution*, Ithaca, 1992, p. 5.

(7) En efecto, nunha longa pero «a la sazón» interesante referencia, asegura J.C. Monedero: «Una observación atenta a toda la teorización al respecto nos llevaría a dos conclusiones: todas las modelizaciones son verdaderas; todas las modelizaciones son falsas. Con esta reflexión que se acerca más a la mística castellana que a la reciumbre [sic] científica queremos constatar

do Leste-, ven incidir nun dos problemas de maior relevancia e actualidade na ciencia política, isto é, a posibilidade de establecer un marco teórico común para a análise de todas as transicións. Ésta é, sen dúbida, unha cuestión que pola súa magnitude e calado teórico excede con moito os obxectivos trazados neste traballo. Non obstante, reseñaremos de seguido dous exemplos significativos co fin de dar senso ao noso comentario. O primeiro destes fai referencia a un dos autores contrarios á posibilidade de desenvolver unha modelización: Klaus von Beyme, quen, desde a consideración do caso español como punto de referencia, coida que acometer o estudio da Unificación desde os casos precedentes de transición implica, necesariamente, o risco de non respectar a especificidade histórica do caso (8). Para outros especialistas, por contra, renegar das aportacións que a procura de elementos e pautas comúns a todos os procesos puidera ofrecer, equivalería a prescindir dun dos principais obxectivos da politoloxía, isto é, acometer a tentativa de crear un marco analítico útil á explicación dos procesos de cambio desde a explicitación daqueles mecanismos xerais comúns a cada un dos casos particulares que constitúen o que Di Palma deu en chamar «fenomenoloxía das transicións» (9). En todo caso, e se ben a asunción da posibilidade dun marco xeral común a todos os casos non implica necesariamente deixar de recoñecer a existencia dunha aplicación flexible, e asemade necesaria, de conceptos e modelos (10), nas páxinas que seguen entenderemos que, alén do relativismo propio de toda maximalización, as modelizacóns constitúen de por si a posibilidade de toda construción científica.

el doble hecho de que cada transición viene a necesitar casi una modelización exclusiva, así como que en cada transición confluyen tal número de variables que es difícil sustraer ninguna explicación -y por tanto, ningún modelo- para explicar esos casos concretos de abandono de régimenes autoritarios. La creación de tipos ideales (...) se nos muestra como el único camino posible con el que ordenar de alguna manera el cúmulo ingente de datos que la realidad nos ofrece.»

Vid. J.C. MONEDERO, *Op. Cit.*, p. 77.

(8) Profundizando nesta idea, o propio von Beyme chega a afirmar:

«A revolución pacífica na RDA -e nos seus países vecíños- non tivo ningún precedente histórico. Os coñecementos da investigación sobre a transición á democracia na Europa do Sur e Latinoamérica nos anos 70, non son aproveitables na RDA e na Europa do Leste.»

Vid. VON BEYME, K., *Das politische System der Bundesrepublik Deutschland nach der Vereinigung*, Piper (nova edición revisada), Múnich, 1993, p. 21. A traducción é nosa.

(9) Vid. G. DI PALMA, *Op. Cit.*, p. 203.

(10) Vid. G. O'DONNELL e P.C. SCHMITTER, *Op. Cit.*, vol. 4, p. 19.

A segunda consideración das que estamos a falar entronca cos estudos sobre a democratización. Os enfoques teóricos ao respecto, na medida en que partamos dun criterio de clasificación baseado na autonomía dos feitos políticos en canto que *a priori* da investigación politolóxica, son encadrables en dous grandes grupos. Daquela, segundo A. Przeworski (11), cómpre falar de dous grandes bloques dentro das análises politolóxicas. Para o primeiro deles, isto é, para o conxunto de estudos enmarcados baixo o título de «teoría da modernización» (12), a democratización é concibida como un resultado determinado pola adquisición dun determinado grado de desenvolvemento económico e social (13). Pola contra, para os autores encadrables no segundo grupo, a correcta interpretación dos procesos de democratización reclama o uso de esquemas nos que «*toda premisa acerca de la relativa constancia y predecibilidad de los parámetros sociales, económicos e institucionales (y, por tanto de su poder descriptivo y explicativo) resulta patentemente inadecuada*» (14) de tal xeito que, desde a explicitación dun concepto de democracia antes procedural que substantivo (15), rexeitan tallantemente as implicacións de calquera modelo analítico que implique a existencia de prerrequisitos socioeconómicos (16). Convén en todo caso sinalar que a

-
- (11) Vid. PRZEWORSKI, A., *Democracy and the Market*, New York, Cambridge University Press, 1991, pp. 95 e ss. Asemade, LAGARES, N., *Teorías de la transición*, Memoria de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 1992, pp. IV-VII.
- (12) Vid. RIEGEL, K.-G., «*Modernisierungstheorie*», en D. NOHLEN (ED.), *Pipers Wörterbuch zur Politik*, Piper, Múnich, 1992, vol. 1, pp. 582-585.
- (13) Dous autores destacan especialmente en referencia a esta cuestión: B. Moore Jr. e S.M. Lipset. O primeiro deles abordou as diferentes evolucións históricas á modernidade baixo un esquema no que as formas políticas ficaban determinadas en derradeira instancia polo sustento social e forma de organización económica sobre os que se erixían. O segundo, pola súa banda, insistía na existencia de «*características de una sociedad, que pesan enormemente sobre el problema de la democracia estable: el desarrollo económico y la legitimidad, o el grado en que las instituciones son valoradas en sí mismas y consideradas justas y adecuadas.*» Vid. MOORE JR., B., *Los orígenes sociales de la dictadura y la democracia. El señor y el campesino en la formación del mundo moderno*, Península, Barcelona, 1983; LIPSET, S.M., *El hombre político. Las bases sociales de la política*, Tecnos, Madrid, 1987, p. 41.
- (14) Vid. G. O'DONNELL e P.C. SCHMITTER, *Op. Cit.*, vol. 4, p. 17.
- (15) Segundo o propio Rustow, o seu modelo «está, por suposto, más na liña do recoñecemento xeral segundo o que a democracia antes é unha cuestión de procedimento que de substancia.» Vid. RUSTOW, R., «*Transitions to Democracy: Towards a Dynamic Model*», *Comparative Politics*, nº 2/3, 1970, pp. 337-363. A tradución é nosa.
- (16) Esta idea non podía ser expresada por Schmitter con máis rotundidade: «*En todo caso, es claro que la transición desde el gobierno autoritario no constituye meramente una cuestión de desarrollo económico o complejidad social, según lo sostienen los textos*

negación de calquera determinismo non implica a uniformidade das teorías que artellan un esquema alternativo.

A terceira e última destas consideracións tamén está relacionada estreitamente coa xa mentada necesidade dun estudio politolóxico libre de determinismos na medida en que, para os cambios políticos da Europa oriental, entra en xogo outra cuestión: a transición como «Revolución» (17), é dicir, a conceptualización dos cambios políticos acontecidos como resultado dunha acción revolucionaria. A lóxica relación entre a devandita teoría da modernización e as «teorías da Revolución» (18) pónse pois de manifesto. Así, endeben na primeira non se recoñece a autonomía dos fenómenos políticos verbo de variables estructurais de tipo socioeconómico (19), as segundas, atraveso da diferenciación conceptual entre «revolución política» e «revolución social» (20), si recollen propostas alleas a determinismos deste estilo. Nesta

anteriores sobre los 'requisitos sociales de la democracia'. Quizás Italia y España estén demostrablemente más desarrolladas y diversificadas que cualquier país de América Latina, pero Portugal, Grecia y sin duda Turquía no lo están.

Vid. SCHMITTER, P.C., «Una introducción a las transiciones desde la dominación autoritaria en Europa Meridional: Italia, Grecia, Portugal, España y Turquía», en G. O'DONNELL, P.C. SCHMITTER e L. WHITEHEAD (Eds.), Op. Cit., vol. 1, pp. 15-26.

- (17) *Vid. PARAMIO, L., «La revolución como problema teórico», en Revista del Centro de Estudios Constitucionales, nº 7, 1990, pp. 151-174.*
- (18) *Vid. KRUMWIEDE, H.-W., «Revolutionstheorien», en D. NOHLEN, (Ed.), Op. Cit., vol. 1, pp. 873-875; MERKEL, W., «Warum brach das SED-Regime zusammen? Der „Fall“ (der) DDR im Lichte der Demokratisierungstheorien», en MERKEL, W. e LIEBERT, U. (Eds.), Die Politik zur deutschen Einheit, Leske & Budrich, Opladen, 1991, pp. 19-50.*
- (19) Resultan especialmente significativas neste senso afirmacións como a seguinte:
«El crecimiento de la riqueza no sólo se relaciona causalmente con el desarrollo económico de la democracia al alterar las condiciones sociales de los trabajadores, sino que también afecta el papel político de la clase media, al modificar la estructura de estratificación social de manera que su perfil pasa de ser una pirámide alargada, con una gran base de clase baja a ser un diamante con una clase media creciente. Una clase media desempeña un papel mitigador, moderando el conflicto, ya que puede premiar a los partidos moderados democráticos y penalizar a los grupos extremistas.»
Vid. LIPSET, S.M., «Algunos requisitos sociales de la democracia: desarrollo económico y legitimidad política», Diez textos básicos de ciencia política, Ariel, Barcelona, 1992, pp. 113-150.
- (20) Nun traballo xa clásico, Theda Skocpol explicaba tal diferencia nos seguintes termos:
«Las revoluciones políticas transforman las estructuras de Estado, y no necesariamente se realizaron por medio de conflicto de clases. Y los procesos como la industrialización pueden transformar las estructuras sociales sin necesariamente producir ni resultar, de súbitos cambios políticos o de básicos cambios político-estructurales. Lo que es exclusivo de la revolución social es que los cambios básicos de la estructura social y de la estructura política

mesma liña, tal e como indica G. di Palma (21), revolución e transición non teñen por qué ser obrigadamente conceptos contrapostos. Porén, e agás casos excepcionais coma o de Puerto Rico en 1948, a coincidencia de transición e revolución resultaba máis ben pouco frecuente no conxunto de casos reais precedentes ás revolucións de 1989. En todo caso, as investigacións feitas sobre as revolucións tenden a centrar o seu interés na xestación das mesma e no acceso ao poder de terminados actores, sen explicitar necesariamente a forma en que se produce o paso dun réximen a outro (22).

III. Interpretar as «Revolucións de Veludo»

Se botamos unha ollada a un mapa de Europa a mediados dos oitenta, pouco antes de que nos comezaramos a familiarizar con palabras como «*Perestroika*» ou «*Glasnost*», atoparíamos un continente formado por trintaetres países e dividido en dous bloques irreconciliablemente defrontados. Hoxe, a penas unha década despois, a cartografía permanece cambiante e os dous férreos bloques deron paso a unha situación de grande inestabilidade: o que entón eran os países do Telón de Aceiro, agora son candidatos a participar na construción da Unión Europea; as burocráticas planificacións económicas deron paso a economías de libre mercado e o pluralismo democrático substituiu ás censuras e controis autoritarios; en definitiva, a transformación dinámica e imparable dos países da Europa oriental afectou a todos os ámbitos da sociedade, plantexando grandes e difícis interrogantes a todos os especialistas das ciencias sociais. Vexamos, xa que logo, con qué instrumental teórico e conceptual se están a investigar os cambios do Leste.

Co obxecto de acometer a exposición dos modelos e teorías máis importantes ao respecto, partiremos aquí dunha clasificación na que reseñaremos, dunha banda, os autores que salientan, desde a asunción previa

ocurren unidos, de tal manera que se refuerzan unos a otros. Y estos cambios ocurren mediante intensos conflictos sociopolíticos en los que las luchas de clases desempeñan un papel primordial.

Vid. SKOCPOL, TH.; Las Revoluciones sociales y los Estados, Fondo de Cultura Económica, México, 1985, p. 21.

(21) *Vid. G. DI PALMA, Op. Cit., pp. 220-221.*

(22) *Vid. W. MERKEL, Op. Cit., pp. 21-23.*

da autonomía dos feitos políticos, a relevancia e coincidencia dos cambios socioeconómicos nas novas transicións como elemento propio e diferencial das mesmas fronte as súas precedentes. Dito con outras palabras, recoñeceráse como teoricamente operativa a distinción de varias transformacións na medida en que en todos e cada un dos casos empíricos poida ser amosada, desde procesos historicamente diferenciados, a coincidencia das mesmas. Non obstante, o número e definición destas «cuestións» (23), «momentos» (24) ou como queira que sexa o nome que reciban, varía en función do autor do que esteamos a falar, engadindo así máis confusión á univocidade cando menos aparentemente inevitable e imposible do léxico propio das ciencias sociais. No segundo grupo da nosa clasificación incluiremos, por contra, aquelas interpretacións que, ben desde a consideración explícita da especificidade dos casos da Europa oriental (25), ben desde a caracterización destes como un conxunto máis de transicións (26), non inciden na disociación de procesos devandita como eixo da súa proposta teórica.

Polo que se refire ao primeiro grupo, cómpre dicir que para autores como C. Offe, o característico destas «transformacións revolucionarias» (27) fronte aos casos da Europa Occidental e Meridional é a «simultaneidade» (*Gleichzeitigkeit*) (28) con que se dilucidan, nun único proceso, tres cuestións cuxa resolución no resto do continente levou varios séculos, a saber: a cuestión territorial, ou a delimitación dunhas fronteiras para un Estado e unha poboación; a cuestión da democracia, ou o establecemento dunha Constitución que defina a competencia de partidos desde o garante do respecto aos dereitos fundamentais do home e do ciudadán; e, finalmente, a cuestión da orde económica e da propiedade, ou a fin da planificación económica a prol do libre mercado (29). Porén, esta idea da disociación de procesos desenvolvida por Offe non é unha novidade. Na mesma liña, pero cun lustro de anterioridade, xa se expresaran, en referencia aos casos que

(23) *Vid.* OFFE, C., «Capitalism by Democratic Design? Facing the Triple Transition in East Central Europe», *Social Research*, nº 58/4, 1991, pp. 865-892.

(24) *Vid.* G. O'DONNELL e P.C. SCHMITTER, *Op. Cit.*, vol. 4, pp. 68-78.

(25) *Vid.* K. VON BEYME, *Op. Cit.*, p. 21.

(26) *Vid.* G. DI PALMA, *Op. Cit.*

(27) *Vid.* C. OFFE, *Op. Cit.*, p. 870.

(28) *Vid.* OFFE, C., «Das Dilemma der Gleichzeitigkeit», *Merkur*, nº 4, 1991, pp. 279-292.

(29) *Vid.* C. OFFE, «Capitalism by...», p. 870.

precederon aos do Leste, outros autores dos que falamos máis enriba. Para O'Donnell e Schmitter, conscientes de que a autonomía das accións políticas fronte aos prerrequisitos socioeconómicos non había levar a incurrir nun determinismo de tipo político, indicaron a existencia de tres «momentos gramscianos» (30) nos que sería disociable toda transición política desde o *a priori* weberiano da imposible correspondencia exacta entre o mundo real e tales categorías de «tipo ideal». Así, diferenciábase entre un momento militar, ou o conxunto de condicións nas que os militares arrenegan das súas responsabilidades no goberno; un momento ou momentos político(s), durante o cal se procede á «*distribución de las posiciones representativas y en la colaboración de los partidos para la gestación de políticas públicas*» (31); e, por último, o momento económico, cuxo éxito pode ser medido na existencia dalgún tipo de pacto económico e social mais que, en todo caso, non resulta tan imprescindible como os dous que o preceden.

Unha terceira aportación neste senso ven da man de W. Merkel quen, en dous artigos recentes procede primeiramente a unha revisión teórica entre as grandes teorías macro-sociolóxicas funcionalistas e estructurais (32) establecendo, consecuentemente, catro niveis centrais de condicionamento (máis exactamente tres «niveis» -*Ebene-* e unhas «condicións-marco» -*Rahmenbedingungen*-) da acción levada a cabo polos distintos actores políticos (33). Estos serían: o nivel económico, ou grado de desenvolvemento das respectivas economías; o nivel social, ou a «esfera libre do Estado» (*Staatsfrei Sphäre*), é dicir, o espacio situado entre o Estado e a economía no que ten lugar a libre decisión dos cidadáns de se agrupar en asociacións, movementos sociais ou iniciativas cidadás; o nivel político-institucional ou conxunto de institucións políticas desde as que se parte; e, para rematar, as condicións-marco do contexto internacional, ou o conxunto de interrelacións existente por unha banda entre os propios países en transición (caso de haber más de un) e, doutra, entre éstes e os demás.

(30) Vid. G. O'DONNELL e P.C. SCHMITTER; *Op. Cit.*, pp. 68-78.

(31) Vid. G. O'DONNELL e P.C. SCHMITTER, *Op. Cit.*, p. 68.

(32) Vid. MERKEL, W., «Regimewechsel: Probleme der demokratischen Konsolidierung in Ostmitteleuropa im Vergleich», a aparecer no *Berliner Journal für Soziologie*, 1994.

(33) Vid. MERKEL, W., «Struktur oder Akteur, System oder Handlung: Gibt es einen Königsweg in der politikwissenschaftlichen Transformationsforschung?», a aparecer en W. MERKEL (Ed.), *Systemwechsel*, Opladen, 1994, vol. 1, pp. 7-22.

A diferencia dos antevistos, hai outros especialistas partidarios de interpretar os cambios do Leste en termos diferentes á existencia de procesos simultáneos. Sinalaremos aquí dúas interpretacións. O autor da primeira delas é K. von Beyme, quen, partindo da singularidade dos casos do Leste en xeral, e do alemán en particular, incide na idea de que tanto a integración previa do país en transición na economía de mercado como a pervivencia dun traballo conxunto entre as élites do réxime anterior e da nova democracia, son os dous elementos distintivos entre procesos non comparables entre si (34). A segunda destas dúas propostas foi elaborada por G. di Palma (35) e considera que, tanto a crise radical -e acelerada tralo derrubamento soviético- que destrue, polo tanto, o sistema precedente, coma o rol aparentemente central da sociedade civil, son os dous grandes riscos distintivos que, xunto cun papel secundario das relacións internacionais, interveñen nos cambios do Leste.

IV. Estructura e proceso, sistema e acción: no difícil camiño da síntese teórica.

Comprendendo a práctica totalidade do escrito sobre a democratización e cubrindo un período de tempo que abrangue desde os primeiros estudos sobre a democratización ata os nosos días, a división teórica establecida entre aproximacións estructurais e procesuais semella estar a perder senso no marco das análises más recentes (36). Alén dunha posible relación de dependencia entre as formas políticas e as condicións socioeconómicas en que éstas se dan, as diferencias entre as teorías de carácter máis marcadamente estructuralista e as teorías centradas no xogo de actores ao longo do desenvolvemento de procesos non se deben á existencia de concepcións

(34) Vid. K. VON BEYME, *Op. Cit.*, p. 21.

(35) Vid. G. DI PALMA, *Op. Cit.*

(36) En efecto, tal e como ten sinalado H. Kitschelt:

«A division teórica xeral dentro deste campo [os estudos sobre o cambio político] étracexada entre aqueles que procuran explicacións más ‘estructurais’ e ‘configuracionais’, por unha banda, e aqueles que se centran no proceso de cambio en si mesmo -a secuencia de acontecimentos e movementos estratéxicos dos actores.»

Vid. KITSCHELT, H., «Political change: structure and process-driven explanations?», en *American Political Science Review*, vol. 86, nº 4, 1992, pp. 1028-1034. A tradución é nosa.

diferentes sobre a natureza da racionalidade. Así, e facéndonos eco aquí da distinción weberiana entre racionalidade instrumental ou respecto a intereses (*Zweckrationalität*) e racionalidade respecto a valores (*Wertrationalität*), cabe indicar que tanto enfoques estructuralistas como os de Rueschemeyer, Stephens e Stephens (37) ou Skocpol (38), como modelos procesuais cais os de A. Przeworski (39) ou G. Di Palma (40), parten dunha premisa segundo a cal os actores políticos procuran «maximizar» os resultados das súas accións a traveso do cálculo racional de posibilidades. Polo contrario, as diferencias entre uns e outros enfoques fanse patentes no concepto de elección (*Choice*) en si mesmo (41), de tal xeito que, ao cabo, a relación entre ambos paradigmas máis resulta complementaria e froito da investigación de obxectos de estudio diferentes que da competición entre eles. Boa proba diso o constitúen os textos más recentes de autores que como S.P. Huntington ou W. Merkel profundizan na análise dos cambios de réxime. No caso do primeiro, achamos unha proposta que, se ben recoñece a existencia de toda unha serie de factores (altos niveis de ben-estar material, unha clase media amplia ou altos niveis de formación da poboación entre outros) que contribuen á emerxencia de rexímes democráticos, deixa a posibilidade derradeira en mans dos actores (42). Nunha liña de argumentación semellante, W. Merkel logo de proceder á revisión da evolución das propostas teóricas feitas ata os nosos días, ben na súa faceta sistémica, ben baixo a perspectiva das accións e os seus protagonistas (43), acomete a necesidade dunha síntese teórica baseada en tres momentos: análise das variables estructurais (niveis económico, político-institucional e da sociedade civil, asemade o contexto internacional),

(37) *Vid.* RUESCHEMEYER, D.; STEPHENS E.H. e STEPHENS J.D., *Capitalist Development and Democracy*, University of Chicago Press, Chicago, 1992.

(38) *Vid.* TH. SKOCPOL, *Op. Cit.*

(39) *Vid.* A. PRZEWORSKI, *Op. Cit.*

(40) *Vid.* G. DI PALMA, *To Craft Democracies*, University of California Press, Berkeley/Los Angeles, 1990.

(41) *Vid.* A. PRZEWORSKI, *Op. Cit.*, p. 15 e ss.

(42) Vexamos en que termos o expresa o propio autor:

«Os factores xerais crean condicións favorables para a democratización. Eles non fan necesaria a democratización nin son inmediatamente responsables da democratización. Un réxime democrático non é establecido por variables senón por xente. As democracias son creadas por causas senón por causantes. Os líderes políticos e públicos teñen que actuar.»

Vid. HUNTINGTON, S.P., *The Third Wave. Democratization in the late twentieth century*, University of Oklahoma Press, Londres, 1991, p. 107. A tradución é nosa.

(43) *Vid.* W. MERKEL, «Struktur oder...», *Op. Cit.*

problemática dos procesos de transición e a avaliación dos resultados cara ao mantemento dos novos réximes (44).

En consoancia pois con propostas como as de Huntington ou Merkel (45), semella lóxico considerar que o purismo teórico e a elegancia epistemolóxica plantexan grandes dificultades á hora de abordar a análise dos procesos de cambio político e que, xa que logo, un certo eclecticismo tendente a asumir a relevancia das estructuras sen caer en determinismos; a non perder a perspectiva procesual, incerta, dos cambios; a recoñecer, en definitiva, a importancia decisiva dos xogos de poder entre masas e élites nas súas accións no marco duns constrinximentos, é a mellor garantía cara a establecer modelos de alcance medio (*middle-range*) operativos perante a realidade empírica.

V. Nacionalismo, Estado e Unificación.

Se hai algunha característica que destaque especialmente no conxunto de cambios acontecidos no Leste europeo, esa é a cuestión nacional. Porén, baixo a perspectiva da literatura precedente sobre as transicións, é observable unha certa desatención do problema dos nacionalismos que cabe achacar tanto á escasa presencia destes fenómenos na casuística anterior ás Revolucións de Veludo como á «modélica» resolución que deste conflicto se fixo no único caso particularmente relevante a estos efectos: España. Polo contrario, casos como os das extintas Unión Soviética, Checoslovaquia, Iugoslavia ou repúblicas alemanas aportan un continxente de material empírico que non pode ser fácilmente desdeñado, motivo éste polo cal cómpre facer aquí unha dupla reflexión ao respecto. Así, por unha parte, cómpre reincidir na idea do escaso peso que ten o nacionalismo no conxunto da produción politolóxica (46). De feito, orixinada na historiografía do século pasado, a investigación sobre os nacionalismos segue a ser, malia as importantes aportacións feitas desde áreas como a socioloxía ou a filosofía, un ámbito de claro dominio da investigación histórica, tratándose dun

(44) Vid. W. MERKEL, «Regimewechsel: Probleme...», *Op. Cit.*

(45) Vid. W. MERKEL, «Struktur oder...», *Op. Cit.*, p. 23.

(46) Vid. STURM, R., «Nation/Nationalismus», en D. NOHLEN (Eds.), *Op. Cit.*, pp. 402-405.

conjunto de estudos na súa maior parte centrados en casos particulares e de carácter descriptivo e ateórico nos máis dos casos. Por outra parte, as posicións teóricas á hora de abordar o estudio dos nacionalismos áchanse divididas pola confrontación entre dous paradigmas de investigación: o «primordialista», é dicir, aquél que entende a nación «*como dato objetivo que tarde o temprano se manifiesta ideológica y políticamente en formas y grados diversos*» (47), e o «constructivista», ou paradigma segundo o que a nación, «*lejos de preceder al nacionalismo, se considera en sí misma un producto sociopolítico resultante de complejos procesos de nation-building*» (48). En definitiva, o problema latente no fondo da cuestión é a consideración (ou non) dos fenómenos nacionais como constructos (49), pois, ao cabo, o rigor e a efectividade dun modelo analítico politolóxico para os nacionalismos debe, en calquera caso, prescindir de posibles explicacións que como deus *ex machina* resolván o que de seu corresponde á política. Só desde esta premisa é posible establecer unha ponte interdisciplinar entre a politoloxía e outras disciplinas (50). Precisamente neste orde de cousas é onde cabe establecer unha conexión entre a problemática epistemolóxica exposta anteriormente arredor da idea de transición como proceso político independente de calqueira tipo de determinismo socioeconómico, e os estudos do nacionalismo, adquirindo pleno senso facer aquí unha revisión crítica do modelo de Rustow respecto da cuestión nacional. En efecto, para este autor resultaba de especial importancia o feito de que a unidade nacional fose assumida de forma non premeditada, pois, un «consenso» pactado, meramente verbal, debería facernos temer polo desenvolvemento futuro do sistema (51). Neste senso, e

(47) Vid. MÁIZ, R., «*¿Etnia o política? Hacia un modelo constructivista para el análisis de los nacionalismos*», en *Revista Internacional de Filosofía Política*, nº 4, 1994, pp. 102-121.

(48) *Ibid.*, p. 103.

(49) En efecto, cabe afirmar aquí con Brass que:

«*etnicidade e nacionalismo non son 'feitos dados' ('givens') senón construcións políticas e sociais*»

Vid. BRASS, P.R., *Ethnicity and Nationalism*, Sage, Londres, 1991, p. 8.

(50) *Ibid.*, p. 110 *et passim*.

(51) En palabras do propio Rustow:

«*O modelo comeza cunha sínxela condición fundamental: a unidade nacional. Isto non implica nada misterioso sobre Blut und Boden [Sangre e terra] ou de garantías diarias de lealde; sobre a identidade persoal nun senso psicoanalítico ou sobre unha grande proposta política seguida pola cidadanía como un todo. Simplemente significa que unha ampla maioría de cidadáns nunha democracia a seren non debe haber dúbida ou reserva mental algúnhia sobre cal é a comunidade á que se pertence.*»

Vid. D.A. Rustow, *Op. Cit.*, p. 350. A tradución é nosa.

considerada en termos de «condición de base» (*background condition*) para a posta en marcha dun sistema democrático, a unidade nacional só podía ser asumida, nas súas derradeiras consecuencias, como feito pre-político, isto é, como acontecemento anterior á realización das transformacións políticas operadas no proceso de transición á democracia (52). A consecuencia lóxica do modelo de Rustow explicitase no «primordialismo» inherente á exemplificación de unidades nacionais que, cales a xaponesa e sueca, puideran ter sido conqueridas en «tempos prehistóricos».

Porén, será con autores como J. Breuilly ou H.-J. Puhle, onde a historiografía do nacionalismo se abra ao diálogo coa ciencia política. Neste senso, o salto que supón considerar, por unha parte, a ideoloxía nacionalista como proveedora dunha identidade colectiva e, por outra, establecer a superación do nacionalismo en canto que forma de irracionalidade política, isto é, considera-lo como forma puramente política, implica a posibilidade de acometer o estudio político do nacionalismo no marco das transicións (53) en xeral, e dos cambios do Leste en particular.

VI. Nacionalismo e cambio político: a unificación de 1989

Desde todas estas premisas a bon seguro minimalistas, pretendemos nas páxinas que seguen acometer o estudio da transición á democracia na antiga República Democrática Alemana que culmina na unificación de 1989. Trátase, sen dúbida, dun proceso complexo, dinámico, específico e, xa que logo, difficilmente comprensible baixo xeralizacións teóricas elaboradas desde a experiencia das transicións mediterráneas. Porén, e malia especificidade

(52) *Ibid.*, p. 351.

(53) Na opinión de Breuilly:

«Enfocar la atención sobre la cultura, la ideología, la identidad, la clase social o la modernización significa descuidar el punto fundamental de que el nacionalismo trata, por encima y más allá de todo lo demás, sobre política, y que la política se ocupa del poder. En el mundo moderno, el poder se consagra ante todo a la tarea de controlar el Estado. En consecuencia, la cuestión primordial debería consistir en relacionar el nacionalismo con el objeto de obtener y utilizar el poder del Estado.»

Vid. BREUILLY, J., *Nacionalismo y Estado*, Ediciones Pumares-Corredor, Barcelona, 1990 (2^a edición), p. 11.

propia das transicións do Leste, cómpre recoñecer aquí a validez dalgunhas categorizacións e propostas marco feitas con anterioridade á caída do muro.

Comezaremos, pois, definindo o noso obxecto de estudio en termos dun cambio político (54) particular, a saber: a transición á democracia (55). Todo proceso así definido implica o paso dun réxime preexistente a outro que recoñecemos como democrático (56). Polo que respecta ao réxime de chegada, tal e como vimos, ven sendo definido en termos procedimentais pola meirande parte da literatura e, se ben baixo esta perspectiva existe unha grande variedade de definicións (57), nestas páxinas entenderemos por democrático aquél réxime que permite «*a libre formulación de preferencias políticas, a travieso do uso das libertades básicas de asociación, información, e comunicación, para a proposta da libre competición entre líderes a validar mediante intervalos regulares e por medios non violentos a súa solicitude para gobernar, (...) sen excluir efectivo político algún desa competición nén prohibir a calquera dos membros da comunidade política expresar a súa preferencia*» (58).

(54) Facémonos eco aquí das palabras de L. Morlino:

«*El cambio se deduce siempre, por diferencia, de la comparación entre un estado precedente y otro sucesivo del sistema o de sus partes. Cambio, desarrollo, modernización y todos los demás conceptos que corillevan alguna transformación, son categorías de relación: es decir, que sólo son observables entre un antes y un después.*»

Vid. MORLINO, L., *Como cambian los régimenes políticos*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1985, p. 47.

(55) De entre as numerosas definicións posibles de transición, no presente traballo recollemos a dada recentemente por Diamandouros e Gunther:

«*Transición de réxime comrende a creación das institutions políticas básicas para un novo sistema democrático asemade a preparación das novas reglas de de xogo que regulamentan o comportamento político dos cidadáns, organizacións e élites gobernantes.*»

Vid. NIKIFOROS DIAMANDOUROS, P. e GUNTHER, R., «The new Southern Europe», en R. GUNTHER, P. NIKIFOROS DIAMANDOUROS e H.-J. PUHLE (Eds.), *The Politics of Consolidation. Southern Europe in Comparative Perspective*, Johns Hopkins University Press, 1994, p. VII. A traducción é nosa.

(56) Para unha visión analítica dos principais desenvolvemento teóricos arredor da idea de democracia, vid. HELD, D., *Modelos de democracia*, Alianza Universidad; Madrid, 1992; GUGGENBERGER, B.; «Demokratietheorie», en D. NOHLEN, *Op. Cit.*, pp. 130-139.

(57) É de reseñar a este respecto a relevancia que teñen obras como *Polyarchy: Participation and Opposition*, de Robert A. Dahl.

(58) Vid. LINZ, J.J., «Totalitarian and authoritarian regimes», en FRED I. GREENSTEIN e NELSON W. POOLSBY (Eds.), *Handbook of Political Science*, vol. 3, Addison Wesley, Reading, 1975, pp. 175-411.

A crecente relevancia do réxime de partida nos procesos de transición e consolidación democrática, asemade a enorme variedade de réximes englobados baixo a categoría autoritarismo, ten levado a unha redefinición da tipoloxía que viña funcionando, de tal xeito que, logo da separación dos rexímes autoritarios en tres novos tipos (os propiamente autoritarios, os neosultanistas e os post-totalitarios), constitúen unha tipoloxía de cinco tipos ideais na que democracia e totalitarismo completan o listado (59). Neste senso, tras a posta en marcha do proceso de liberalización (60) representado en palabras como *Perestroika* ou *Glasnost*, o réxime da antiga RDA que iniciará a transición á democracia pode ser clasificado como post-totalitario (61).

Tal e como indicamos máis enriba, os procesos de cambio de réxime na Europa oriental conllevaron importantes transformacións no mapa político. No Leste, a diferencia do que aconteceu na práctica totalidade das transicións habidas con anterioridade, as crises de lexitimación dos vellos Estados saldáronse coa aparición doutros novos. Resultantes ben da fragmentación dos antigos (Unión Soviética, Checoslovaquia e Iugoslavia), ben da fusión de dous Estados anteriores (antigas repúblicas xermanas), os Estados nacentes foron froito da emerxencia dos movementos nacionalistas, xenerando o que Linz, Stepan e Gunther denominaron «*the Question of Stateness*» (62). Neste

(59) Vid. LINZ, J.J., STEPAN, A. e GUNTHER, R., «Democratic Transition and Consolidation in Southern Europe (With Reflections on Latin America and Eastern Europe)», en R. GUNTHER, P. NIKIFOROS DIAMANDOUROS e H.-J. PUHLE (Eds.), *Op. Cit.*, p. 118-190 (moi especialmente, o subepígrafe: «The Nature of the Previous Non-Democratic Regimes, pp. 123-129); LINZ, J.J., «An Authoritarian Regime: Spain», en ALLARDT, E. e ROKKAN, S., *Mass Politics in Political Sociology*, The Free Press, New York, 1970, pp. 251-283; LINZ, J.J., «Transiciones a la democracia», en *REIS*, nº 51, 1991, pp. 7-33.

(60) Seguimos nesta ocasión a definición dada por G. O'Donnell e P.C. Schmitter: «Entendemos por 'liberalización' el proceso que vuelve efectivos ciertos derechos, que protegen a individuos y grupos sociales ante los actos arbitrarios o ilegales cometidos por el Estado o por terceros.»

Vid. G. O'DONNELL e P.C. SCHMITTER, *Op. Cit.*, vol. 4, p. 20.

(61) Vid. LINZ, J.J., STEPAN, A. e GUNTHER, R., *Op. Cit.*, p. 168-169.

(62) Para estes autores:

«A literatura sobre as transicións á democracia non ten cavilado moito sobre este problema. De feito, as cuestións referidas ao 'stateness' son irrelevantes para as transicións políticas acontecidas dentro dos Estados-nación ou nacións-Estado establecidos. Mais esta variable é dunha importancia fundamental dentro dos Estados que conteñen poboacións que se coidan a si mesmas como pertencentes a diferentes nacións.»

Vid. J.J. LINZ, A. STEPAN e R. GUNTHER, *Op. Cit.*, p. 127 *et passim*. A traducción é nosa.

caso, e seguindo a terminoloxía de J. Breuilly, un novo «nacionalismo de unificación» (63) tivo lugar no territorio alemán. Porén, a deslexitimación do Estado posttotalitario non foi de seu a causante da unificación: o muro foi derrubado por actores políticos concretos sen cuxas accións e decisións os cambios non se terían producido. Alén de calquera condición básica para a democratización, aquí é onde a análise politolóxica da cuestión nacional adquire pleno senso, isto é, na formulación de identidades colectivas. Dúas premisas comportan tal formulación. A primeira delas é que, tanto a etnicidade como o nacionalismo, son construccóns sociais e políticas (64). A segunda, desde a consideración do carácter inequivocamente moderno dos nacionalismos, predica a relación entre éstos e o Estado moderno e centralizador en cuxo seo compiten diferentes élites. Estudiar a unificación, por tanto, implicará necesariamente acometer o estudio de élites e masas que poden ser motivadas pola oferta dos incentivos selectivos representados nas distintas construccóns discursivas arredor do problema nacional (65).

VII. A Unificación de Alemaña.

a) *A Unificación como proceso de cambio político.* «Unificación», «Reunificación», «Revolución pacífica das velas», «un experimento social a grande escala», «experimento natural»... Son expresións todas elas coas que se denomina un único proceso: a fusión dos dous Estados alemáns nun novo e único Estado Nacional; trátase -continuemos cos símiles das ciencias naturais- dun «precipitado» no que atopamos compoñentes tan importantes como a fin da Guerra Fría, a construcción da unidade europea ou a fin do «socialismo realmente existente»; dun problema que, precisamente por aquellas características específicas das que fala o presente texto, convértese

(63) Vid. J. BREUILLY, *Op. Cit.*, pp. 72-97.

(64) Especialmente claro a este respecto ten sido B. Anderson cando definiu a nación do seguinte xeito:

«é unha comunidade política imaxinada -e imaxinada a un tempo como intrínsecamente limitada e soberana.»

Vid. ANDERSON, B., *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*, Verso, Londres, 1983, p. 15. A tradución é nosa.

(65) Vid. BRASS, P., «Elite competition and the origins of ethnic nationalism», Pre-actas do Congreso Os nacionalismos en Europa: pasado e presente, Universidade de Santiago de Compostela, 1993.

nun fenómeno único no que a definición do obxecto de estudio constitúe, xa de seu, unha cuestión de difícil solución. En efecto, o caso alemán amosa un risco único (a fusión dos dous Estados alemáns previamente existentes) que o converte nese «experimeto» (66) mediante o cal será posible contrastar a fusión de dous sistemas políticos e sociais completamente diferentes. Non obstante, tal e como indica Offe (67), o proceso que leva á nova unidade xermana ben pode ser comprendido como unha tripla transición na que para unha das dúas partes unidas (a antiga RDA) coinciden tres cuestiós diferenciadas historicamente no evoluir doutros países occidentais: a cuestión territorial; a construcción da democracia; e a instauración dunha nova orde económica e da propiedade. Xa que logo, pódese sinalar que os últimos cambios acontecidos en Alemaña converxen conoutros da súa área, isto é, co conxunto de países que dun ou doutro xeito, revisan as súas fronteiras desde a procura dun novo suposto de «legitimación legal impersonal» (68) para a organización de novas sociedades que, ben rompendo todos os lazos con aquelas comunidades coas que ata fai pouco vivían, ben recuperando vencellamentos históricos, realizan un proceso político paralelo conducente á democratización dos antigos réximes autoritarios posttotalitarios (69) do Leste europeo. Trátase, en definitiva, da mesma problemática recentemente abordada por Linz, Stepan e Gunther na súa aportación sobre a consolidación democrática e que fica recollida baixo a expresión inglesa «*question of stateness*» («cuestión da estatalidade») (70).

A unificación para a antiga RDA, polo tanto, pode ser definida como un proceso máis amplio daquel no que se encadra a transición desde un goberno autoritario posttotalitario (71), cal era o réxime do Partido da Socialista

(66) Vid. GIESEN, B. e LEGGEWIE, C., eds. (1991): *Experiment Vereinigung. Ein sozialer Grossversuch*, Berlin, Rotbuch; OFFE, C. (1991): «La unificación alemana como experimento natural», *Cuadernos del Este*, 4, pp. 19-23

(67) Vid. C. OFFE, «Capitalism by...», p. 870

(68) Vid. PÉREZ-AGOTE, A., ed. (1989): «Hacia una concepción sociológica de la nación», en *Sociología del nacionalismo*, Bilbao. Univ. País Vasco/Gobierno vasco, pp. 177-189

(69) Vid. LINZ, J.J. (1990): «Transiciones a la democracia» en *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 51, pp. 7-33

(70) Vid. LINZ, J.J. (1994): «Democratic transition and Consolidation in Southern Europe (With Reflections on Latin America and Eastern Europe)», en DIAMANDOUROS, P.N.; GUNTHER, R.; PUHLE, H.-J. (1994): *The Politics of Democratic Consolidation: Southern Europe in Comparative Perspective*, Baltimore, The Johns Hopkins University Press (en prensa).

(71) Vid. J.J. LINZ; op. cit., p. 10

unificado de Alemaña (*Sozialistische Einheitspartei Deutschlands*, SED), ata unha democracia federal na que, tal e como indica Lembruch (72), o antigo territorio da RDA súmase ao da RFA na condición de cinco novos Estados federais (*Länder*) ao mesmo tempo que a zona ocupada polos soviéticos na capital do Reich, Berlin, engádese ás outras tres zonas de ocupación.

Así, e a diferencia das restantes transicións do Leste, o proceso de cambio que levará á unificación non tivo que desenvolver un novo marco institucional en tanto o que fixo foi asumir como propio o que desde a mesma fundación da RFA (14. VIII. 1949) fóra elaborado de cara a unha posible unidade. De feito, a formulación dun sistema institucional artellado arredor dunha Lei Fundamental (*Grundgesetz*) no canto dunha Constitución (*Verfassung*), implicaba o recoñecemento dun carácter transitorio para o fraccionamento do Reich que logo resultou durar máis de catro décadas. Durante todo este tempo, ámbolos dous Estados orientaron os seus modelos institucionais a cada un dos bloques nos que se integraron, estableceron relacóns fortes e estables cos demais países dos seus respectivos entornos e fixeron da posibilidade dunha unión futura unha esperanza cada vez máis alonxada. Sen dúbida, a resolución da «cuestión alemana» (*Deutsche Frage*) estaba estreitamente unida á fin da confrontación entre as dúas grandes superpotencias nadas logo da II Guerra Mundial.

b) *O camiño á unidade: condicionantes da unificación.* Cando en 1949 ten lugar a fundación da RFA, dous artigos da Lei Fundamental (*Grundgesetz*) recollían a posibilidade dunha unificación futura, se ben, tanto a filosofía subxacente en cada un deles como as súas implicacións políticas eran ben diferentes: por unha banda, o artigo 23 establecía unha vía rápida -a que finalmente se seguío- segundo a cal se otorgaba ao executivo a responsabilidade derradeira na dirección do proceso unificador; por outra, o artigo 146 (73) obrigaba á redacción dunha Constitución (*Verfassung*) que habería ser ratificada posteriormente polos alemáns occidentais mediante a convoca-

(72) Vid. LEMBRUCH, G. (1992): «La ricostruzione istituzionale della Germania orientale», *Rivista Italiana di Scienza Política*, XXII/1, pp. 5-40

(73) Vid. WÜRTEMBERGER, Th. (1991): «L'article 146 nouvelle version de la Loi fondamentale: continuité ou discontinuité du droit constitutionnel?», *Revue française de Droit constitutionnel*, 8, pp. 615-633

toria dun referendo (74). Cuarenta anos despois, e como consecuencia da deslexitimación do réxime autoritario posttotalitario de Honecker, o debate público abríuse arredor destas dúas opcións, deixando en evidencia a situación da feble sociedade civil oriental. De feito, o importante rol xogado por actores coma o Novo Foro (*Neues Forum*) ou a Igrexa protestante na caída do réxime da antiga RDA, foi rapidamente eclipsado por aqueles actores occidentais que, como partidos e medios de comunicación, centraron o debate en todo momento.

Outro factor condicionante do proceso de unificación, ademais da deslexitimación política do réxime da antiga RDA, deriva da confrontación que, a raíz da Guerra Fría e da conseguinte confrontación entre dous sistemas antagónicos, se deu no eido das actividades económicas. Así, o marco deseñado polo sistema soviético de planificación da economía e contraposto durante máis de catro décadas á economía social de mercado desenvolvida pola RFA, aguzouse nos anos oitenta baixo un contexto de crecemento económico e do consumo positivo, froito do cal, inevitablemente, deveu outra forma de deslexitimación da RDA. Trátase, en definitiva, dunha idea estreitamente unida ao desenvolvemento histórico de ámbolos dous Estados xermanos logo da II Guerra Mundial. As reformas introducidas a raíz da política aperturista de M. Gorbachov plasmada en palabras-slogan como *Glasnost* ou *Perestroika* e que encetaron, polo tanto, a fin da Guerra Fría, foron sen dúbida o detonante da reestructuración dunhas relacións internacionais nas que o proceso de construción europeo cobraba un pulo renovado.

c) *Os actores e a acción política no proceso de unificación.* As accións de protesta desenvolvidas inicialmente polos cidadáns da ex-RDA co obxecto

(74) Vid. AUTEIXIER, Ch. (1991): «1990: la réunification de l'Allemagne sous la loi fondamentale», *Revue française de Droit constitutionnel*, 8, pp. 589-596; FROMONT, M. (1991): «Les techniques juridiques utilisés pour l'unification d'Allemagne», *Revue française de Droit constitutionnel*, 8, pp. 579-588; ISENSEE, J. (1990): «Verfassungsrechtliche Wege zur deutschen Einheit», *Zeitschrift für Parlamentsfragen*, pp. 309-322; KIMMEL, A. (1991): «Lettre de la RFA. Aspects constitutionnelles de la réunification allemande», *Pouvoirs*, 57, pp. 143-152. PREUSS, U.-K. (1991): «Die Chance der Verfassungsgebung», *Aus Politik und Zeitgeschichte*, 49, pp. 12-19; SCHLINK, B. (1991): «Deutsch-deutsche Verfassungsentwicklungen im Jahre 1990», *Der Staat*, 30/2, pp. 163-180; SINISCALCHI, F. (1990): «Problemi costituzionali della riunificazione della Germania», *Il Politico*, 55/3, pp. 525-567.

de derrocar o réxime de E. Honecker e que comenzaron nas cada vez máis numerosas «manifestacións dos lúns» («Montagsdemonstrationen») remataron por ser un clamor a prol da unificación plasmado no xa famoso cambio de slogan: «nós somos o povo» («Wir sind das Volk») por «nós somos un povo» («Wir sind ein Volk»).

Os feitos superaron calqueira previsión e toda planificación dun cambio (por exemplo, o «Programa dos Dez Puntos» do Chanceller H. Kohl) axiña foi superada por unha cidadanía que valorou a posibilidade dunha integración acelerada no mundo occidental (via art. 23 da Lei Fundamental) antes que calquera outra oferta política posible (75). Precisamente é este un dos aspectos máis valorados á hora de procurar unha explicación do fracaso electoral das forzas da esquerda (76), tanto no caso do partido socialdemócrata (SPD), como no dos movementos cidadáns que tentaron unha terceira via (p. ex. o caso de *Neues Forum* e a candidatura da Alianza '90 -*Bündnis '90*) (77). Pola contra, os partidos da dereita, conscientes do beneficio que lles podía reportar o uso dun discurso nacionalista nun ano electoral como 1990, non dubidaron en asumir os custos da unificación (78). É tamén indicativo neste senso o éxito das forzas políticas occidentais identificadas co sistema político da RFA e votadas en canto que garantes dunha vontade de rápida integración da cidadanía da antiga RDA no sistema federal (79).

En definitiva, enfortecida a coalición de goberno (FDP-CDU/CSU) na súa directriz de conquerir a unificación a calquera prezo, a posibilidade dunha vía baseada no referendo dunha nova Constitución alemana consonte

(75) Vid. C. Offe, «La unificación alemana...», *op. cit.*, p. 20

(76) Vid. LÓPEZ AISA, M.R. (1991): «Las transformaciones políticas en el proceso de unificación alemana», *Cuadernos del Este*, 4, pp. 35-53

(77) Vid. WIELGOHS, J. e SCHULZ, M. (1990): «Reformenbewegung und Volksbewegung. Politische und soziale Aspekte im Umbruch der DDR-Gesellschaft», *Aus Politik und Zeitgeschichte*, 16-17, pp. 15-24; KÜHNEL, W., WIELGOHS, J. e SCHULZ, M. (1990): «Die neuen politischen Gruppierungen auf dem Wege vom politischen Protest zur parlamentarischer Interessenvertretung. Soziale Bewegungen im Umbruch der DDR-Gesellschaft», *Zeitschrift für Parlamentsfragen*, 21/1, pp. 22-37

(78) Vid. M.R. LÓPEZ AISA; *op. cit.*, p. 52

(79) Vid. BLUCK, K. e KREIKENBOM, H. (1991): «Die Wähler in der DDR: nur 'issue-oriented' oder auch partei-gebunden?», *Zeitschrift für Parlamentsfragen*, 22/3, pp. 495-502; BOGDANOV, V. (1990): «Founding elections and Regime Change», *Electoral Studies*, 9/4, pp. 288-294

establecía o artigo 146 da Lei Fundamental ficou limitada aos debates da opinión pública e dos que propostas como as de Jürgen Habermas ou Günther Grass son dúas das que máis eco se fixeron os medios de comunicación de masas.

d) *Cinco novos Länder e Berlin Leste.* O proceso que levou á instauración do sistema federal desenvolvido pola RFA logo da II Guerra Mundial plasmouse en catro tratados nos que se sintetizan as novas regras de xogo dentro do pluralismo e a democracia tanto a nivel nacional como na esfera das relacións internacionais e no marco da economía social de mercado (80). Polo que fai ao nivel político-institucional, a aprobación do Acordo electoral (*Wahlvertrag*) supón a cristalización dun consenso entre os principais actores para delimitar unhas canles de participación electoral comúns. Asemade, e dado que gracias a el establecíase a fusión dos antigos Estados xermanos, o Tratado de Unificación (*Einigungsvertrag*), convertéuse na pedra angular da nova unidade alemana.

Sen dúbida esta ruptura coa orde internacional da Guerra Fría só foi posible nun contexto internacional favorable no que as catro potencias vencedoras da II Guerra Mundial estaban obrigadas a recoñecer que o xigante económico de Europa non podía seguir sendo o anano político que era -e mesmo segue a ser-, Alemaña. Neste senso, o Tratado Dous máis Catro (81) recoñecendo a recuperada soberanía xermana é a mellor proba do que estamos a dicir.

O cuarto destes tratados resultantes do proceso que levou á unidade dos antigos Estados alemáns é o «Tratado de Estado» (*Staatsvertrag*) (82) ou acordo no que se establece definitivamente unha economía social de mercado no marco dun Estado de Dereito, recollendo así o desenvolvemento ao que chegou a RFA en materia de asistencia social, liberdade de opinión, dereitos

(80) Vid. COLLAS, P. (1991): «Réunification, Constitution et propriété en Allemagne», *Revue française de Droit constitutionnel*, 8, pp. 633-658

(81) Vid. STERN, K. (1991): «Le traité 'Deux-plus-quatre', texte base de droit international en vue de la reconstitution de l'unité allemande», *Revue française de Droit constitutionnel*, 8, pp. 615-633

(82) Vid. RAUSCHNING, D. (1990): «Der deutsche-deutsche Staatsvertrag als Schritt zur Einheit Deutschlands», *Aus Politik und Zeitgeschichte*, 33, pp. 3-16

cívís, etc. O característico precisamente neste caso é a extensión do modelo federal desenvolvido nos Estados Federais da antiga RFA ao territorio doutro Estado alemán.

VIII. Conclusóns.

Poucos meses antes do desplome do Leste, afirmacións como: «las tres cuartas partes de los alemanes deseán la unificación pero también muchos saben que hay pocas posibilidades para la misma» (83) non resultaban en absoluto estranas á opinión pública. De feito, a impredicibilidade da unificación é un dos riscos comúns ás transformacións nos países veciños das que foi contemporánea (84). Asemade, a realización de tres transformacións que historicamente se teñen producido por separado nas democracias occidentais (85) coinciden no caso da RDA coa asunción dun novo modelo de Estado que non esixe modificación algunha da identidade nacional da súa cidadanía, o cal por comparanza cos casos coma os da desaparecida Checoslovaquia ou os dos países Bálticos e as repúblicas ex-iugoslavas, resulta de seu excepcional. Sen dúbida, a singularidade histórica dos procesos de democratización de cada un dos países que configuran as sucesivas «vagas de democratización» (86) é resultado dun devir particular de cada sociedade, o cal non supón, inevitablemente, afirmar a existencia dunha vía particular á modernidade propia de Alemaña (*Sonderweg*) (87). De feito, e alén dun recoñecemento necesario das especificidades de cada caso, existen tamén elementos comúns a todos os procesos dos que non se pode prescindir. Así, sinalaba Rustow nun traballo xa clásico (88), a nación, en canto que a «condición de fondo» (*background condition*) dunha transición á democracia, era un requisito previo do desenvolvemento do proceso de transformación das

(83) Vid. SOMMER, Th. (1989): «Bajo el techo común», *El País*, 25. V. 1989

(84) Vid. von BEYME, K. (1990): «Transition to Democracy - or *Anschluss?* The two Germanies and Europe», *Government and Opposition* 25/2, pp. 170-190; J.C. MONEDERO; *op. cit.*, p. 66 *et passim*

(85) Vid. C. OFFE; «Capitalism...», p. 870

(86) Vid. HUNTINGTON, S.P. (1991): *The Third Wave: Democratization in the Late Twentieth Century*, Oklahoma, University of Oklahoma Press, p. 15

(87) Vid. PUHLE, H.-J. (1981): «Deutscher Sonderweg. Kontroverse um eine vermeintliche Legende», *Journal für Geschichte*, 4, pp. 44-5

(88) Vid. D.A. RUSTOW; *op. cit.*, pp. 351-353

estructuras políticas, o cal sitúa á identidade nacional como un dos problemas clave na análise dos procesos de cambio de réxime en xeral, e das transicións do Leste en particular, pois, ao cabo, a relevancia do problema nacional é un dos riscos específicos máis significativo nos cambios da Europa oriental. Ainda máis, só desde a comprensión deste feito poderáse comprender a relevancia de propostas que, coma o «Patriotismo da Constitución» (*Verfassungspatriotismus*), rebordan os enunciados da teoría política habermasiana sonsacando implicacións que, xa no ámbito da cultura política, xorden como resposta ao Nacionalismo (89) en canto que formulación orgánico-historicista asociada á ultradereita desde a memoria colectiva dos alemáns.

En definitiva, a unificación de Alemaña encadra como un exemplo máis nese contexto europeo oriental no que o nacionalismo «a despecho de sus manifestaciones xenófobas, violentas e irrationales, se ha manifestado en no pocos lugares como el único factor disponible de articulación de una sociedad civil, de comunicación y autoorganización social, en países anómicamente desestructurados» (90). Por iso, o éxito do proceso de consolidación de Alemaña, entendido en canto que proceso que «implica a lexitimación daquelas institucións e a estendida interiorización das normas de conducta básicas dun novo réxime democrático» (91), depende en grande medida da capacidade para resolver os problemas plantexados nas tres dimensións que, a diferencia da transición, caracterizan a consolidación (92).

(89) Vid. DANN, O. (1994): *Nation und Nationalismus in Deutschland*, Beck's Verlag.

(90) Vid. MAÍZ, R. (1992): «Política e identidad colectiva: Notas para una lectura posmarxista de la cuestión nacional», *Papeles de la FIM*, pp. 127-138

(91) Vid. DIAMANDOUROS, P.N.; GUNTHER, R.; PUHLE, H.-J. , *op. cit.*, p. VII

(92) Vid. DIAMANDOUROS, P.N.; GUNTHER, R.; PUHLE, H.-J. , *op. cit.*, p. 120